


## Guía práctica para descubrir o camiño histórico de Santiago a Muxía por Brandomil



FICHA TÉCNICA: 116 pp. 12 x 22 cms.  
ISBN 978-84-16460-55-7 PVP: 12,90 €

SANTIAGO DE COMPOSTELA, MARZO, 2019.- A guía *Camiño de Santiago a Muxía por Brandomil* (Alvarellos Editora) de Manuel Vilar Álvarez, convídanos a percorrer unha senda histórica apenas recoñecida ata hoxe. Trátase do camiño máis dereito entre Compostela e Muxía, empregado dende hai séculos por peregrinos e camiñantes e que ten coma un dos emblemas a ponte medieval de Brandomil (ata Negreira coincide co Camiño oficial de Santiago a Fisterra-Muxía).

Unha ruta de 86 quilómetros e que aquí se nos presenta con todos os seus atractivos: plano con etapas, lugares e monumentos para visitar, e ilustrada con setenta e cinco reveladoras fotografías. Unha guía práctica que nos convida a percorrer con acougo natureza e historia, porque, como afirma o autor, “andar os vellos camiños é reclamar o futuro”.



**Manuel Vilar Álvarez** é licenciado en Xeografía e Historia, doutorando en Antropoloxía e Máster en Xestión de Bens Culturais e Patrimonio. Ten realizado traballos de campo e publicado artigos e comunicacións relacionados co patrimonio etnográfico e museos, entre eles, “Ethnographic museums and essentialist representations of Galician identity”, en *International Journal of Iberian Studies* (2008, en coautoría con X. Pereiro). É autor dos libros *Teóricos da Arte* (1997), *Dicionario Xaquín Lorenzo “Xocas”* (2004) e coautor, xunto a X. M<sup>a</sup> Lema, da *Guía dos Faros da Costa da Morte* (2000). En 2009 recibiu o Premio de Investigación “Rutas Xacobeas” convocado pola Asociación de Cámaras de Comercio por un traballo sobre o Camiño de Fisterra e Muxía.

